



ACTA nº 10 Procedemento de selección para a provisión, mediante oposición libre, de dúas (2) prazas de administrativo/a de Recursos humanos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (grupo C, subgrupo C1, escala de administración xeral, subescala administrativa) (BOP nº 190 06.10.2025)

En data 23 de febreiro de 2026 e sendo as 14:00 horas, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de dúas (2) prazas de administrativo/a de Recursos humanos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (grupo C, subgrupo C1, escala de administración xeral, subescala administrativa) (BOP nº 190 06.10.2025) , baixo a presidencia de dona Dona María Graciela Riveiro Moreira; e coa asistencia dos vogais: Dona Anabel Corral Corral, Don Carlos Collazo Martínez, Don Gerardo Ulfe Calvo; actuando como secretaria dona María Luisa Sánchez Peñamaría, **quen dá fe do acto.**

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Por parte de dona Diana Virginia Santos Espiñeira presentase, en data 13 de febreiro do 2026, escrito no que formula alegacións:

Respecto da primeira das alegacións aprecíase un erro aritmético na suma das puntuacións do exercicio identificado con código E001-04-0023 resultando un total de 11,10 puntos, é por isto que a primeira das alegacións debe ser aceptada.

Respecto da segunda das alegacións afirma que un dos membros do Tribunal especificamente indicou que a normativa a aplicar era únicamente a galega. Esta afirmación é totalmente incerta xa que a pregunta que formulou a aspirante no exercicio foi: onde estaba localizado o Concello do caso práctico, ao que se lle contestou que se a pregunta a formulaba polo que se refire a aplicación da normativa autonómica que localizase o Concello en Galicia.

Ista aclaración do Tribunal dista moito da afirmación que realiza a aspirante nas súas alegacións, máxime cando o enunciado do exercicio é claro:

“ Cuestiones a resolver de acuerdo con la legislación estatal, autonómica o en su caso local de aplicación”

Solicita a Sra Santos *“Considero que se debe otorgar la puntuación máxima a cada una de la preguntas del supuesto práctico número 1 aun cuando solo se haya hecho referencia a los artículos de la Ley 2/2015, de 29 de abril, de empleo público de Galicia(...)”*

Debemos aclarar que o artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, establece o ámbito de aplicación:

1. Este Estatuto aplícase ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo das seguintes Administracións Públicas:

a) A Administración Xeral do Estado.

b) As Administracións das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

c) As Administracións das entidades locais.

d) Os organismos públicos, axencias e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións Públicas.

e) As Universidades Públicas.

É polo exposto que a normativa estatal é de aplicación ao caso proposto polo Tribunal. É por isto que a segunda das alegacións debe ser desestimada.

Respecto da terceira das alegacións solicita: que a puntuación asignada na pregunta 2 do exercicio identificado con código E001-04-0025 é inxustificada e debe ser corrixiada. O Tribunal considera que esta alegación debe ser desestimada xa que aínda que neste exercicio na pregunta número 2 non se resolve de conformidade coa plantilla, analizada conxuntamente coa pregunta 3 o aspirante da a resposta á pregunta número 2, se ben aplicando só unha das normativas e sen concluír con determinación, e por este motivo o Tribunal decide outorgar 0,5 puntos.

Por parte de don Antonio Pena Rodriguez presentase, en data 12 de febreiro do 2025, escrito no que solicita impugnar a puntuación do suposto nº1 do exercicio identificado con código E001-04-0021 preguntas 2,4,5 e 6 alegando que en todas as respostas faise referencia ao EBEP, norma superior,e noutros casos tamén a LEPG, e que ambas normas se refiren á normativa a aplicar nos mesmos termos.



Respecto do anterior debemos facer referencia novamente ao enunciado do exercicio:

“ Cuestiones a resolver de acuerdo con la legislación estatal, autonómica o en su caso local de aplicación”

Exposto xa que a normativa estatal é de aplicación ao caso proposto polo Tribunal, debemos analizar o artigo 4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

1. A presente lei aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes administracións públicas:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As entidades locais galegas.

c) As entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na letra a) de o artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

d) As entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.

e) As universidades públicas galegas.

É polo exposto que o Tribunal requiría na resolución do exercicio toda a normativa de aplicación e por tanto a alegación debe ser desestimada.

Solicita o Sr Pena aclaración sobre a puntuación outorgada na pregunta 6 do suposto número 1 (0,9). Neste caso a xustificación da puntuación outorgada é que na excedencia por cuidado de fillo, non se fai referencia LEPG aplicando únicamente o EBEP.

2. RESULTADOS DEFINITIVOS DO PRIMEIRO EXERCICIO:

Logo da resolución das alegacións, os aspirantes que superaron o terceiro exercicio do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de dúas (2) prazas de administrativo/a de Recursos humanos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (grupo C, subgrupo C1, escala de administración xeral, subescala administrativa) (BOP nº 190 06.10.2025) , son os seguintes:

| Número de código | Puntuación |
|------------------|------------|
| E001-04-0021 | 12,00 |
| E001-04-0022 | 14,50 |
| E001-04-0023 | 11,10 |
| E001-04-0024 | 12,30 |
| E001-04-0025 | 11,20 |

3.APERTURA DOS SOBRES IDENTIFICATIVOS.

Coa finalidade de garantir o anonimato na realización e posterior corrección das persoas aspirantes, antes de comezar os exames repartíronse de maneira aleatoria uns códigos de identificación que foron depositados nun sobre. Procederáse, en acto público, á apertura dos mesmos o vindeiro 25.02.2026 na sede do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña as 9.30 h.

Os datos identificativos serán publicados no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña , así como na súa páxina web (<https://www.cciacoruna.com/noticia.php?noticia=276&idioma=gl>)

A presidenta dá por terminada a reunión ás 14.45 horas.